



Os sindicatos ANPE e FeSP-UGT diríxense a esta Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos expoñendo que a Xunta de Galicia, despois da Conferencia Intersectorial do pasado xoves, non tería máis remedio que proceder a rectificar o protocolo do mes de xullo. Esta esixencia sindical, manifestan, foi satisfeita o día 31 de agosto coa actualización do *PROTOCOLO DE ADAPTACIÓN AO CONTEXTO DA COVID 19 NOS CENTROS DE ENSINO NO UNIVERSITARIO DE GALICIA PARA O CURSO 2020-2021*.

Posto que para a aplicación da distancia de seguridade a 1,5 metros será necesario efectuar desdobres, e polo tanto contratar novo profesorado nos centros de traballo, demandan:

1. Que se incorporen coa máxima celeridade, e sempre **antes da adxudicación definitiva** do CADP, as **novas prazas** que se teñan que crear.
2. Que ditas prazas sexan **vacantes de curso académico** e que non teñan que estar vinculadas ao contexto de alerta sanitaria COVI.

En resposta ao seu escrito, esta Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos quere comunicarlle ás organizacións sindicais ANPE e FeSP-UGT o seguinte:

Primeiro. As novas necesidades de profesorado derivadas dos desdobres necesarios para cumprir a distancia entre postos escolares de 1,5 metros, establecida na epígrafe 3.3A das Instrucións polas que se incorporan a declaración de actuacións coordinadas en materia de saúde pública aprobadas polo Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde Pública (DOG nº 174 bis do 28-08-2020), e a actualización das recomendacións sanitarias do comité clínico, ao Protocolo do 22 de xullo de adaptación ao contexto da COVID 19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021, **ofertaranse na adxudicación definitiva de destinos provisionais prevista para o día 10 de setembro de 2020**. Se fose necesario, para garantir que todas as vacantes se provexan a través da adxudicación de CADP, demorarase esta un ou dous días.

Segundo. Estas novas prazas derivadas dos desdobres mencionados terán unha duración do curso académico 2020-2021, igual que as restantes prazas que se ofertan non vinculadas ao contexto de alerta sanitaria COVID.

Santiago de Compostela, 2 de setembro de 2020

O Director Xeral de Centros e Recursos Humanos

José Manuel Pinal Rodríguez

